

Uns Cociñeiros



1

especiais

Do xornal **Faro de Vigo**Debuxante **Davila y Gogue**

DA TERRA A

NOSA MESA

Estou case segura que na túa receita necesitas un ou varios tomates. Aprendemos algo máis deles e doutras plantas que están presentes nas nosas mesas.

O **tema seis** do libro de **C. da Natureza** trata de como se agrupan as plantas, como se alimentan, como se reproducen e como se cultivan.

Le a lectura ( **páxina 82**) e **penša** as respostas as cuestións que están máis abaixo.



Como ter tomates todo o ano.



O tomate é un alimento moi rico e nutritivo; o malo é que cando está maduro, non dura moito.

Ata hai pouco tempo só se podían comer tomates frescos uns meses ao ano, pois as tomateiras necesitan que vaia calor para medrar e dar froitos.

Polo tanto, nos meses do inverno e da primavera non se podían comer tomates frescos.

Hoxe en día as tomateiras cultívanse en invernadoiros, unhas construcións con paredes de plástico transparente, que deixan pasar o sol pero que impiden que saia a calor. Así, os tomates medran todo o ano, sempre que teñan auga e terra fértil.

Os invernadoiros permiten controlar moi ben a temperatura e a humidade. Por esta razón, nos invernadoiros os tomates desenvólvense moi ben e a produción das plantas é moi grande.



Penša as respostas

- Que problema ten o tomate como alimento?
- Por que hai anos non se podían comer tomates durante todo o ano?
- De que están construídas as paredes dos invernadoiros? Por que?
- Por que se ven no invernadoiro da imaxe tomates de distintas cores?



NON TES QUE MANDAR OS EXERCICIOS.

AS SOLUCIÓN S NA S ÚLTIMA S PÁXINA S DESTE DOCUMENTO.

Hai tres grandes grupos de **plantas**: *herbas, arbustos e árbores*,
Ademais, **poden clasificarse** en **dous grupos**: as plantas *con flores*
(reprodúcense mediante sementes: as *anxiospermas* e as *ximnospermas*) e as
plantas *sen flores* (non producen flores nin sementes: os *musgos* e os *fentos*).

As plantas fabrican os seus propios alimentos mediante a **fotosíntese**.
Ademais, **producen** o osíxeno e **os alimentos** que empregamos os outros
seres vivos.

Coñecer os labores agrícolas é moi interesante para entender como chegaron a nosa
mesa: tomates, leitugas, amorodos... **Le** as páxinas **90 e 91.**



Pensa a resposta

Que produtos se poden obter da agricultura?

Para rematar co de texto é **moi interesante**, para repasar os contidos das
unidades 4 a 6, **ler** varias veces o **vocabulario** da **páxina 97.**

Froitas

de tempada

OS MESES	X	F	M	A	M	X	X	A	S	O	N	D
Cereixa												
Granada												
Mazá												
Pexego												
Melón												
Laranxa												
Néspera												
Plátano												
Pomelo												
Uva												

Froitas de tempada

Comer froita é un dos hábitos alimentarios máis importantes, pero se ademais é froita de tempada, moito mellor. Non en todas as épocas do ano se poden cultivar todas as froitas. Isto é debido a que **cada variedade depende** dunhas **condicións** de **temperatura** e **humidade diferentes**.

Elixir froitas de tempada ten algunhas **vantaxes**: ao haber máis produto, o seu prezo é menor ca o resto do ano. Ademais, como van directamente desde onde se cultiva ao mercado, **non se necesita almacenar nin refrixerar e así o produto** *sofre menos, diminúe o gasto enerxético e axúdase á protección do medio natural.*

**Pensa as respostas as seguintes preguntas.**

- Que froita do calendario é a que máis che gusta? De que tempada é?
- Escribe tres froitas da estación en que te atopas agora mesmo.
- Que vantaxes ten comer froita de tempada?


**Utiliza o calendario anterior e escribe.**

- Unha froita que sexa de todas as tempadas.
- Unha froita que só poidamos atopar no verán.
- Unha froita que poidamos atopar no outono.
- Unha froita que non poidamos atopar nin no verán nin na primavera.

Retos a levar adiante

**Elabora un calendario persoal de froitas.**

En cada mes, segundo a época do ano, escribe dúas froitas que vas consumir na túa dieta.



FROITAS DE TEMPADA	Etapa Infantil								
PRIMAVERA									
VERÁN									
OUTONO									
INVERNO									



En decembro 🍎

En xaneiro 🍎

En febreiro 🍎



En marzo 🍎

En abril 🍎

En maio 🍎



En xuño 🍌

En xullo 🍌

En agosto 🍌



En setembro 🍌

En outubro 🍌

En novembro 🍌



Deseña un cartel publicitario para anunciar unha das túas froitas preferidas e que indique a tempada en que se pode comer.



AUTOAVALIACIÓN – SOLUCIÓN



Pensa as respostas

Que problema ten o tomate como alimento?

- Cando está maduro, dura pouco tempo.

Por que hai anos non se podían comer tomates durante todo o ano?

- Porque as tomateiras necesitan que vaia calor para medrar e dar froitos. Polo tanto, nos meses de inverno e primavera no se podían comer tomates frescos.

De que están construídas as paredes dos invernadoiros? Por que?

- As paredes son de plástico transparente, porque deixan pasar o sol pero impiden que saia a calor.

Por que se ven no invernadoiro da imaxe tomates de distintas cores?

- Porque están en distintas fases de maduración. Os máis inmaturos son verdes e os maduros son de cor vermella intensa.

Que produtos se poden obter da agricultura?

- **Alimentos:** cereais, froitas e hortalizas.
- Outros son materias primas que se transforman noutros produtos, como **tecidos, cosméticos** ou **menciñas**.
- Outros empréganse como **alimento para o gando**, por exemplo, os pasteiros e as plantas forraxeiras, como a herba seca.



Pensa as respostas as seguintes preguntas.

Que froita do calendario é a que máis che gusta? De que tempada é?

- *R. L.*

• **Escrebe tres froitas da estación en que te atopas agora mesmo.**

R. L. Elixé entre os meses de abril, maio e xuño.

• **Que vantaxes ten comer froita de tempada?**

• Ten mellor prezo, porque hai máis, e non se almacenou nin refrixerou porque chega ao mercado directamente.

8



Utiliza o calendario anterior e escribe.

• **Unha froita que sexa de todas as tempadas.**

Resposta Modelo. Plátano

• **Unha froita que só poidamos atopar no verán.**

R. M. Melón

• **Unha froita que poidamos atopar no outono.**

R. M. Uvas

• **Unha froita que non poidamos atopar nin no verán nin na primavera.**

R. M. Pomelo.